
UN ESPLÉNDIDO MUNDO NOVO

Texto de ALDOUS HUXLEY

Tradución de ALEJANDRO TOBAR

Ilustración de portada de ADRIÀ FRUITÓS

Encadernación rústica. 15 x 23,5 cm. 344 páx. 18 €
ISBN 978-84-16721-88-7. Narrativa K. Faktoría K.


...Cando o director de Cría e Condicionamento entrou na estancia, trescentos fecundadores traballaban debrozados sobre o instrumental, sumidos nun silencio no que apenas era posible sequera respirar, coa mente ausente, entre leves cantaruxadas ou asubíos de absorta concentración...

«Un espléndido mundo novo» é posiblemente a novela máis lida e inqueda de Aldous Huxley, un dos escritores máis lúcidos da segunda metade do século XX. A súa influencia está presente en obras fundamentais da literatura de anticipación, como «Nós» de Evgenii Zamiatin e «1984» de George Orwell. Presenta un futuro lonxano onde o mundo alcanza a felicidade absoluta grazas a unha nova realidade deseñada a partir do lema «Comunidade, identidade, estabilidade». Os grandes controladores administran ata o máis mínimo detalle nesta sociedade perfecta onde todo está planificado, a violencia é un vago recordo e os humanos son cultivados con enxeñería xenética e clasificados en castes. A poboación vive na ignorancia a través dun depurado lavado de cerebro.

Cando se publicou en 1932 foi calificada como unha distopía, pura fantasía, mais resultou visionaria e premonitoria. Nunha época na que os totalitarismos aspiraban a dirixir o planeta, ao tempo que se apostaba polo cientificismo como único camiño para a evolución, Huxley ideou este relato para satirizar eses empeños.

Tubos de ensaio, microscopios e incubadoras substitúen o ventre materno e son as ferramentas do progreso. A xente carece de emocións e vive allea aos interrogantes a través dunha precoz doma de vontades por medio da hipnopedia, unha aprendizaxe aplicada na nenez a través do sono. As persoas son programadas para consumir e poñer o valor da sociedade por riba do individual sen importarlles a que prezo. Tamén existe a soma, unha droga deseñada para evitar o espertar da conciencia e manter na inopia calquera indicio de razoamento ou cuestionamento.

Pero na fabricación de Bernard Marx -un membro da privilexiada caste alfa- ocorre un fallo, unha fisura mínima no sistema, mais suficiente para permitir que sinta descontento e o desexo de liberarse desa realidade programada. Visitar unha das poucas reservas salvaxes que aínda se goberna con valores pretéritos, pode supoñer a cura para a súa angustia.



- **Temática:** sociedade mercantilizada e acrítica.
- **Destinatarios:** lectores xuvenís e adultos.
- **Aspectos destacables:** distopía, ciencia ficción; totalitarismos, control do Estado, sociedade acrítica e consumista; impulsos humanos; outros títulos relacionados: «1984», de George Orwell (KALANDRAKA).
- **Adianto do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/un-esplendido-mundo-novo-g>

Aldous Huxley

(Godalming, Reino Unido, 1894 - Los Ángeles, Estados Unidos, 1963)

Escritor e filósofo. Procedente dunha ilustre familia de tradición intelectual, estudou nas universidades de Eton e Oxford. A súa intención era ser doutor, pero unha queratite provocoulle unha cegueira case total. Graduado en Literatura Inglesa, tivo a oportunidade de relacionarse co Círculo de Bloomsbury, un conxunto de personalidades da talla do filósofo Bertrand Russell e da autora Virginia Woolf. Traballou como profesor e articulista e nos anos 20 comezou escribindo novelas satíricas, poemas, contos e textos de ficción narrativa que sentaron as bases da súa gran obra, «Un espléndido mundo novo» (Francia, 1932). Interesado polo pacifismo, o misticismo e a filosofía oriental, a preocupación pola situación prebélica en Europa levouno a mudarse a California en 1937. Alí traballou como guionista de cine para Hollywood e desenvolveu unha escrita espiritualista, influenciado polo budismo e o hinduísmo. A curiosidade intelectual levouno a probar as drogas psicodélicas; a experiencia coa mescalina inspiroulle «As portas da percepción» (1954), un breve ensaio que foi clave no movemento contracultural. Un incendio destruíu a súa casa de Hollywood en 1961 e perdeu boa parte dos seus recordos, pero conseguiu rescatar o manuscrito de «A illa» (1962), a súa derradeira novela. Xa naquel momento padecía un tumor na lingua; faleceu o 22 de novembro de 1963, o mesmo día do asasinato de John F. Kennedy e do pasamento de C.S. Lewis.